

Na Fraga de Valiñas, un rústico pontigo sobre o Donsal con candanseu castiñeiro nas cabezas, pídemme que deteña o tempo uns instantes sentindo esvarar a auga baixo dos pés. Nese arredor naceron os meus primeiros versos. E volvo, desde os dous lonxes, admirar esas árbores que terman da paisaxe mentres morreu un mundo e naceu outro.

Falan con vento, chuvia, neve, frío e calor en lingua prehumana. Signos lingüísticos que ordenan durmir, espertar, botar a folla, a flor e os froitos. Pórse amarelos e espirse. Facer medrar as varas e ata velar o río: primaveral no canto, calmante na calor, suave nas follas idas, e altivo e barulleiro nas enchentes. Nalgún momento a frada talloulles a cintura e remedraron. E foron outra vez mantenza antiga, edén de paxariños, pousadoiro de enxames e de soños...

E namentres, o tempo torneounos, rabuñoulles os toros, abrigounos con mofos e con liques, e figuroulles caras sobre as nórnigas que gardan a memoria veciñal duns catrocentos anos. Ao aparecer o ventre acarochado, acolleron curuxas e morcegos, e os medos ancestrais que regresan vencidos.

Cando eu marche de vez, eles irán perdendo inda amodiño esa fasquía arbórea e serán obras de arte. Xa podo adiviñar dous caprichosos templos. Sen deidades, sen proxectos, sen planos, sen autor nin destino. Serán arquitectura que constrúe o universo, a que fai e desfai os equilibrios, a esencia da harmonía.

Nalgún momento, eles tamén se irán de onda o Donsal, o vello río que non ten idade.

Porque el soubo aprender, xa nas orixes, a renovar continuamente o instante.

*Quintá de Cancelada, en xaneiro de 2022*